



## DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A COVID-19 CAMPAÑA DE VERÁN 2022

D/Dª ..... con DNI/NIE .....

actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)

### DECLARO:

Que a persoa participante coñece as recomendacións sanitarias en relación coa COVID-19 de non acudir á actividade se é un caso sospeitoso, confirmado ou contacto estreito dunha persoa positiva en COVID-19, xa que se deben reducir todo o posible as interaccións sociais con outras persoas e usar de forma constante a máscara, evitando actividades que impliquen quitala sen manter a distancia de seguridade con outras persoas (preferiblemente de 2 metros) os síntomas compatibles coa COVID-19 e non acudirá á actividade no caso de ter síntomas, de estar diagnosticado da enfermidade ou ser contacto estreito dun caso positivo.

Que a persoa participante coñece a recomendación de non asistir ao campamento no caso de presentar síntomas agudos compatibles coa COVID-19 ou outra enfermidade infecciosa aguda e potencialmente transmisible.

No caso de que a persoa participante presente condicións de saúde que a fan máis vulnerable para a COVID-19 ou outro tipo de enfermidade transmisible, a súa condición clínica está controlada e permítelle tomar parte da actividade, mantendo as medidas de protección de forma máis rigorosa. Así mesmo, son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados de alto risco.

*PERSOA CON CONDICIÓNS DE ALTO RISCO: persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.*

### ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

A persoa participante acepta e comprométese a manter as medidas de hixiene, prevención e promoción da saúde nas que se vai desenvolver a actividade.

Autoriza a que se lle realice unha proba diagnóstica de infección activa (PDIA), no caso de que sexa necesaria segundo o indicado polas autoridades sanitarias durante o transcurso da actividade.

En ....., a ..... de ..... de 2022.